

# ¿Como manexar este programa?

## 1.- Manexo do menú principal:




Cando moves o punteiro do rato por encima dun dos recadros, pode pasar que se converta nunha man cun dedo apuntando:




Iso quere dicir que esa sección ten só un exercicio, pulsa para entrar no mesmo.

Noutras ocasións, cando colocas o punteiro do rato enriba dun dos recadros aparece un menú ó seu carón:



Iso significa que esa sección ten máis dun exercicio. Move o rato enriba do menú e pulsa para ir ó exercicio que queiras:




## 2.- Manexo das ventás cos exercicios:

Na parte superior da ventá temos:




Logo están en cor azul as instrucións para facer os exercicios, que poden presentarse de dúas formas:

a) *Con debuxos:*



Neste caso pulsa primeiro no debuxo para escoitar o nome e logo nun dos botóns debaixo do mesmo para indicar a letra ou letras que leva.

b) *Con palabras:*



Neste caso observa a palabra na parte esquerda e pulsa nun dos botóns da dereita da mesma para indicar a letra ou a sílaba que ten que ir no sitio do guión.

En ambos os dous casos, se acertas, a letra ou letras do botón cambiarán de negro a verde; se fallas aparecerá unha mensaxe de erro e terás que pechar a ventá de aviso, onde poderás ler a palabra escrita correctamente.

**IMPORTANTE: Tanto se acertas como se erras, deberás pasar á seguinte palabra e non pulsar máis veces no mesmo grupo de botóns para non desvirtuar a túa nota final. Tamén é importante contestar as 20 preguntas de cada exercicio antes de premer no botón "Puntuación".**

Na parte inferior da ventá temos:



Ás veces, cando non hai exercicios antes ou despois, poden aparecer os botóns para ir ó menú principal ou para saír.

Cando pulsas en "Puntuación" aparecerá unha xanela indicando as respostas acertadas e as falladas, e unha nota como as que che dan no colexio: sobresaliente, notable, ben, suficiente ou insuficiente.

Finalmente, sempre poderás usar os botóns do teu navegador:



**¡Ánimo, e a sacar boas notas!**